



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA VINTE E UN DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E UN (11/2021)

Na Casa do Concello de Monfero, ás trece horas e trinta minutos do día vinte e un de abril de dous mil vinte e un, reúnen-se, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, os Sres. Concelleiros: D. Alberto Cortizas Rejo, D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, para o efecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada para ese día e hora. Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Baldomero Beceiro Alonso. Non falta ninguén.

Os asuntos da orde do día son os seguintes:

1. Aprobación da acta da sesión do día 14 de abril de 2021
2. Modificación das bases para a creación e funcionamento dunha Bolsa de emprego para posibles provisións temporais de persoal na categoría de auxiliar administrativo
3. Modificación do acordo de xustificación axudas PEL REACTIVA 2020

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 14 DE ABRIL DE 2021

O Sr. Alcalde preguntalles aos asistentes se teñen que facer algunha alegación á devandita acta, que se publicou con anterioridade á convocatoria desta sesión no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello, e non formulan ningunha. O Sr. Alcalde, ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión do día 14-04-2021 se considera aprobada sen ningunha obxección.

2.- MODIFICACIÓN DAS BASES PARA A CREACIÓN E FUNCIONAMENTO DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA POSIBLES PROVISIÓNS TEMPORAIS DE PERSOAL NA CATEGORÍA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO

O Sr. Secretario-Interventor, de orde do Sr. Alcalde, explica a proposta de acordo con respecto a este punto en termos similares aos que constan nela e procede a súa lectura. A dita proposta transcríbese literalmente deseguido:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

A Xunta de Goberno local deste Concello, na sesión celebrada o 14 de abril de 2021, acordou a aprobación da convocatoria e as bases reguladoras para a formación e funcionamento dunha bolsa de emprego para posibles provisións temporais de persoal na categoría de Auxiliar Administrativo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

Tendo en conta que o obxecto da convocatoria é a provisión temporal de persoal nesta categoría profesional para a prestación dos distintos servizos municipais, considérase moi importante aproveitar a formación e experiencia que vaia adquirindo este persoal no desempeño dos postos e cometidos asignados, e, polo tanto, por razóns de eficiencia e eficacia, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Modificar a base Décimo terceira das bases reguladoras para a formación e funcionamento dunha bolsa de emprego para posibles provisións temporais de persoal na categoría de Auxiliar Administrativo, que quedaría redactada do xeito seguinte:

Décimo terceira.- Chamamentos

As incorporacións desde a Bolsa de emprego para prestar servizos realizaranse por orde decrecente, segundo a puntuación alcanzada no proceso selectivo polos aspirantes, agás no suposto de que, o aspirante ao que lle corresponda, resultase afectado polas limitacións que se establecen na base 1ª, o que dará lugar á incorporación do seguinte, mentres permanezan ditas limitacións, e tamén nos casos das persoas aspirantes que foran nomeados funcionarios interinos ou contratados para o desempeño temporal dun posto de traballo do Concello de Monfero en concreto, ou para a realización neste dunhas funcións e cometidos específicos, que, por este feito, para aproveitar a formación e experiencia adquiridas, e, polo tanto, por razóns de eficiencia e eficacia, pasarán a ter preferencia sobre os aspirantes da bolsa de emprego que tiveran máis puntuación nos seguintes chamamentos que realice o Concello para o desempeño desde mesmo posto ou a realización desas mesmas funcións e cometidos específicos.

O Alcalde
Andrés Feal Varela”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

3.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE XUSTIFICACIÓN DE AXUDAS PEL REACTIVA 2020

O Sr. Secretario-Interventor, de orde do Sr. Alcalde, explica a proposta de acordo con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido en termos similares aos que constan nela:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Por Resolución da Alcaldía número 061/2021, de data 25 de febreiro de 2021, acordouse comprometer o gasto e conceder definitivamente as axudas do PEL REACTIVA 2020, con cargo á aplicación 241.47900, por importe total de 26.500,00 €, así como que se abone o importe das axudas concedidas, logo da presentación, dos xustificantes de gasto ou facturas electrónicas escaneadas, correspondentes aos gastos subvencionables indicados na base sétima, **efectivamente pagadas** dentro do período subvencionable (do 1 de marzo ata o 31 de decembro de 2020), ou documentos contables de valor probatorio equivalente.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

Tendo en conta que en data 31 de marzo de 2021, rematou o prazo concedido aos beneficiarios para a xustificación das citadas AXUDAS DO PEL REACTIVA 2020.

Logo de ver o acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de abril de 2021, polo que se aprobou a xustificación, entre outras, da axuda concedida ao beneficiario M DOLORES VILLAR REGUEIRO, e así mesmo, a realización do seu pagamento polo importe xustificado de 1.500,00€, e revisados os documentos xustificativos presentados con anterioridade á realización do pagamento, xerando dúbidas os efectuados en metálico por contías superiores a 150 euros que foron consultadas á Deputación Provincial, tendo en conta a resposta recibida que consta no expediente electrónico.

Propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Modificar o anterior acordo ao respecto desta Xunta de Goberno Local e deixar pendente a aprobación da xustificación da axuda concedida ao beneficiario que se indica a continuación, e requirirle para que, nun prazo máximo de dez días hábiles, achegue ao expediente a documentación complementaria que dé cumprimento aos requisitos esixidos pola Deputación Provincial para aceptar a xustificación das contías abonadas en metálico en concepto de gastos de aluguer, coa advertencia de que, de non facelo, a súa solicitude será arquivada sen máis trámite:

Nº de Expediente	Interesado	NIF Interesado	Importe concedido	Importe xustificado
2020/A003/000039	M DOLORES VILLAR REGUEIRO	7640267B	1.500,00	pendente

O Alcalde
Andrés Feal Varela"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás trece horas e corenta e cinco minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certifícoo.

O Alcalde

O Secretario